

BIBLIOLIBETECA PRESENTA:

APRENDER INVESTIGANDO: O TRABALLO POR PROXECTOS A TRAVÉS DOS GRANDES INVENTOS E DESCUBRIMENTOS DA HISTORIA

Realizado por Sandra Álvarez Alonso

ÍNDICE

01. Introdución
02. Sobre nós
03. O proxecto
04. Conclusións
05. Rogos e preguntas
06. Contacto

SOBRE NÓS

Bibliolibeteca é a biblioteca do Ceip Laverde Ruíz, situado en Outeiro de Rei, a escasos 15 km da cidade de Lugo.

Actualmente contamos con 340 alumnos/as e con 19 aulas , sete de infantil e doce de primaria.

Pertencemos ao Plambe dende o curso 2022-2023, e dende o 2024-2025 formamos parte de Clubs de Lectura con dous clubes, un para adultos que chamamos Café con letras que xa leva dende o curso 22-23, e o Chocolate con letras que é o do alumnado dende o 24-25. Dende este curso 25-26 formaremos parte de biblioteca creativa.



Libeteca

PLAMBE Bibliotecas escolares de Galicia

CLUBS DE LECTURA

BIBLIOTECA CREATIVA

INTRODUCIÓN

TEMOS DOUS TIPOS DE ACTIVIDADES:

Instauradas

- Formación de usuarios
- Contrato dos gardabiblios
- Libros que van e veñen (Infantil)
- Mochilas Viaxeiras (Primaria)
- Libros de man en man (Familias)
- Clubs de lectura
- Libemaker
- Concurso poesía Concello
- Apadriñamentos
- Recreos temáticos
- PDI
- Feira do libro
- Liberreto
- Xanela
- Recomendacións lectoras

INTRODUCIÓN

TEMOS DOUS TIPOS DE ACTIVIDADES:

Puntuais

- Saídas do PDI
- Murais
- Carteis
- Muro de recomendacións no blogue
- Booktubers
- Concursos en familia
- Obradoiros en familia
- Visitas de expertos PDI
- Caligramas
- Celebración datas relacionadas co PDI

PDI

O PROXECTO

COMO NACE?



Como cada PDI escollémolo entre toda a comunidade educativa.

-Facemos enquisas de avaliación para:

- Familias
- Profesorado
- Alumnado

En todas vai a seguinte pregunta:

Escolle un dos seguintes catro temas para o vindeiro PDI:

O cine

As décadas

Inventos e descubrimentos

Os medios de comunicación

Gaña o máis votado entre todas as enquisas e xa en xuño queda escollido e o Claustro, e a Asesoría informados.

E DESPOIS QUE?



O Equipo xúntase en xuño e en setembro para empezar a programar e facemos un documento xeral sobre o PDI que denominamos Estructuración do PDI. Nel sempre temos os mesmos epígrafes.

- Xustificación.
- Competencias Clave
- ODS
- Criterios e estándares de avaliación
- Estruturación e temporalización

ESTRUTURACIÓN PDI

01 XUSTIFICACIÓN

Cuarto PDI que facemos e sae do resultado das enquisas de avaliación da comunidade educativa.

02 COMPETENCIAS CLAVE

Traballamos fundamentalmente tres:

- Aprender a aprender
- Competencia dixital
- Competencia lingüística

E en menor medida as restantes,en función do tema (matemática, social e cívica,sentido da iniciativa e espiríto emprendedor. conciencia e expresións culturais).

03 ODS

Con este PDI centrámonos en catro dos dazasete:

- Educación de calidade (4)
- Redución das desigualdades (10)
- Industria, innovaciójn e infraestruturas, (9)
- Igualdade de xénero (5)

04 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Traballamos centos dentro dos do curriculo pero centrámonos en :

- Participar en situacións de comunicación dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e da intervención dos demais.
- Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación.
- Producir textos orais breves.
- Usar, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros...

05 ESTRUTURACIÓN

Tres fases:

- Presentación: Primeiro trimestre mercamos materiais e presentamos o traballo ao alumnado.
- Investigación: Segundo trimestre Pescudamos informacion nas aulas. Prehistoria infantil, Idade antiga 1º e 2º, Idade media 3º e 4º, idade moderna 5º e 6º e contemporánea especialistas.
- Posta en común : Terceiro trimestre, amosamos a toda a comunidade as nosas aprendizaxes.

06 COMO AVALIAMOS

- Reunións periódicas.
- Revisión constante do PDI
- Autoavaliación nas aulas.
- Cuestionarios Dúas cuestións fundamentais propostas de mellora e solicitude de iniciativas propias para o seguinte.

QUE FASES TEN?

PRESENTACIÓN: 1º trimestre

- Mercar fondos e pescuda dos recursos
- Reparto do traballo nas aulas

INVESTIGACIÓN: 2º trimestre

- Cada aula fai o traballo de búsqueda e selección da información.

POSTA EN COMÚN: 3º trimestre

- Amosamos o traballo á comunidade.

- Exposición entre iguais

-Exposición ás familias

OBXECTIVO

O NOSO OBXECTIVO MÁIS AMBICIOSO
É QUE SEXA UNHA REALIDADE O TRABALLO POR PROXECTOS, CUNHA POSTA EN COMÚN FINAL FOMENTANDO A ORALIDADE E A EXPOSICIÓN ANTE O PÚBLICO, POSTO QUE CONSIDERAMOS UNHA APRENDIZAXE FUNDAMENTAL PARA A VIDA.

CANDO COMEZAMOS?

O día 24 de outubro coa Celebración do Día das bibliotecas escolares cunha actividade motivadora. Neste caso foi un paseo por un pasadizo histórico, no cal segundo o alumnado ía pasando atopaba inventos de cada unha das etapas históricas e informábaselles do Liberreto deste curso, xa que sempre facemos un con versión para infantil e primaria para que se investigue.







HORARIO	GRUPO
4º INFANTIL A	10.00
4º INFANTIL B	10.10
5º INFANTIL A	10.20
5º INFANTIL B	10.30
6º INFANTIL A	10.40
6º INFANTIL B	10.50
1ºA	11.00
1ºB	11.10
2ºA	11.20
2º B	11.30
3ºA	11.40
3ºB	11.50
4ºA	12.00
4ºB	12.10
5ºA	12.00
5ºB	12.10
6ºA	12.20
6ºB	12.40

CANDO COMEZAMOS?



COMO O FACEMOS?

CUN RETO DENDE A BIBLIOTECA, NESTE CASO APARECÍA NO CORREDOR UN INVENTO E HABIA QUE INVESTIGAR QUE ERA E CUBRIR UNHA FICHA MODELO, UNHA PARA INFANTIL E OUTRA PARA PRIMARIA. UNHA VEZ SE SUPERA UN RETO OBTENSE UN SELLO E AO FINAL HAI PREMIO.

FOLLA DE RESPOSTAS DO LIBERRETO DA AULA DE ..... DE INFANTIL

DEBUXA AQUÍ O INVENTO OU DESCUBRIMENTO:

PON AQUÍ O SEU NOME: ESCRIBEO TI SOIÑO/A, COPIAO, RECORTA LETRAS... COMO QUEIRAS!

FOLLA DE RESPOSTAS DO LIBERRETO DA AULA DE ..... DE INFANTIL

ARRODEA A QUE ETAPA HISTÓRICA PERTENCE ESTE INVENTO?



PREHISTORIA IDADE MEDIA IDADE ANTIGA IDADE CONTEMPORÁNEA

ESCOLLE SE O INVENTOU UN HOME OU UNHA MULLER?



POR QUE LETRA COMEZA O NOME DO INVENTO OU DESCUBRIMENTO?

A B C D E F G H I K L M N Ñ
O P Q R S T U V W X Z

FOLLA DE RESPOSTAS DO LIBERRETO DA AULA DE .....

A QUE ETAPA HISTÓRICA PERTENCE ESTE INVENTO?

QUEN O INVENTOU?

CANDO E ONDE O APARECEU?

PARA QUE SE USA?

QUE EVOLUCIÓN TIVO AO LONGO DO TEMPO?

COMO O FACEMOS?

ASOCIANDO ACTIVIDADES AO PROXECTO. COMA NO MES DA CIENCIA TRAENDO FAMILIAS PARA EXPLICAR INVENTOS E DESCUBRIMENTOS:



COMO O FACEMOS?

PROPOÑENDO CONCURSOS EN FAMILIA LIBECONCURSO DE NADAL ..E SE MAÑÁ ESPERTASES NA PREHISTORIA?

Libeconcurso de Nadal



Boas rapazada:

Acabamos de comezar o liberreto e sei que estades a traballar arreo, noraboa! A primeira etapa da historia que estamos a estudar é a prehistoria e iso fíxome pensar nun novo libeconcurso:

Imaxina que mañá espertas na prehistoria, seguramente vives nunha cova e a roupa que levas non se parece en nada á que tiñas onte...pensa que cousa botarías máis de menos se isto pasara...ese invento ou descubrimento sen o que non poderías vivir e cóntamo!

O teu traballo só pode ocupar un folio coma este que che dou e pode ser todo o orixinal que queiras, xa sabedes que me encantan as cousas diferentes (unha redación, un debuxo, un cómic, un collage...).Só teño dúas condicións unha é que sexa en galego e a outra é que o nome estea por detrás.

O que queira facelo poderá entregalo nos recreos da biblio ata o 10 de decembro.

Animádevos a participar!!!

4 PREMIOS
infantil
1º, 2º
3º, 4º
5º, 6º



NOME E APELIDOS:
CURSO:
GRUPO:

COMO O FACEMOS?

ASOCIANDO ACTIVIDADES PROPIAS DO PDI CON DATAS QUE ATA O CURSO PASADO ERAN DE OBRIGADO CUMPRIMENTO: 8M



COMO O FACEMOS?

SEMANA DA PRENSA CREANDO O XORNAL O PARAFUSO PERDIDO



O PARAFUSO PERDIDO

Martes, 18 de febreiro do 2024 Edición: Outeiro de Rei Nº 1 Precio: 1.5 libemonedas

Libeteca funda 'O Parafuso Perdido': O xornal que conta os inventos máis xeniais do CEIP de Outeiro de Rei dende a Prehistoria!

Libeteca, a mascota máis sabia e curiosa da biblioteca do CEIP de Outeiro de Rei, sorprende a todos co lanzamento de "O Parafuso Perdido", un xornal que, segundo conta, existiu dende que Gutemberg inventou a imprenta.

Neste xornal recóllense titulares como "Arquímedes descobre o principio de flotación mentras se baña" ou "Os irmáns Wright fan voar o primeiro avión".

Libeteca promete seguir informando sobre os inventos que cambiaron o mundo, dende a roda ata internet, coma se os alumnos do colexio estiveran alí para contalo en directo.

Extra! Extra!

A próxima edición xa está en marcha e incluirá un especial sobre Thomas Edison e a bombilla, ademais dunha entrevista exclusiva cunha alumna de 4º que explica como sería a vida sen o teléfono móbil. Con "O Parafuso Perdido", o pasado cobra vida con humor e enxeño!

Para esta actividade, cada ciclo deberá crear titulares xornalísticos imaxinarios que poderían aparecer nos xornais da súa época se estes existisen.

Deste xeito, o alumnado reflexionará sobre a importancia dos inventos no seu contexto histórico e desenvolverá a súa creatividade e pensamento crítico a través da prensa.

EXEMPLOS DE TITULARES:

Prehistoria (Educación Infantil)

- "O lume cambia as nosas vidas! Agora as noites son máis cálidas e seguras"
- "Descobren como facer ferramentas con pedras: Más fácil cazar e construír!"
- "Incrible! As primeiras pinturas nas covas contan as nosas historias"

Idade Antiga (1.º ciclo de Primaria)

- "Os exipcios sorprenden coas súas enormes pirámides: Deuses ou enxeñeiros?"
- "Os romanos constrúen estradas por todo o imperio: Viaxar nunca foi tan fácil!"
- "Novo invento chinés: O papel revolucionará a escritura!"

Idade Media (2.º ciclo de Primaria)

- "Gran avance! O compás axuda aos mariñeiros para atopar o seu rumbo"
- "Gutenberg inventa a imprenta: Os libros chegarán a todos!"
- "Atención! Os castelos agora teñen pontes levadizos para maior seguridade"

Idade Moderna (3.º ciclo de Primaria)

- "Asombroso! Edison ilumina o mundo coa lámpada eléctrica"
- "Cristovo Colón descobre un novo mundoo: América xa é unha realidade!"
- "Benjamin Franklin protexe o mundo co seu pararaios"

EXTRA, EXTRA!





COMO O REMATAMOS?

XORNADA DE PORTAS ABERTAS



AS

CONCLUSIÓNS

Conclusións

1. Fomenta a aprendizaxe activa e significativa:

Permite que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe, investigando, analizando e creando a partir dos seus propios intereses. A biblioteca convértese nun espazo de exploración e de descubrimento, non só de consulta.

.

2. Desenvolve competencias informacionais e dixitais:

O alumnado aprende a buscar, seleccionar, evaluar e utilizar a información de maneira crítica e responsable, competencias esenciais na sociedade actual.

Conclusións

3. Promove o traballo colaborativo e a interdisciplinariedade:

Os proxectos impulsados dende a biblioteca poden integrar distintas áreas do coñecemento e fomentar a cooperación entre estudantes e docentes, enriquecendo a experiencia educativa.

.

4. Fortalece o rol educativo da biblioteca:

A biblioteca deixa de ser só un lugar de lectura ou empréstito de libros, e pasa a ser un centro de aprendizaxe activo, innovación e apoio ao currículo escolar.

Conclusións

5.Estimula a creatividade e o pensamento crítico:

Ao buscar solucións, crear productos ou presentar resultados, os estudantes desarrollan habilidades de análise, síntese e comunicación, ademais de expresar a súa creatividade.

6.Vincula a escola coa comunidade:

Os proxectos poden incluír temas ou problemas da contorna, favorecendo a conexión entre a aprendizaxe escolar e a realidade social, o que da sentido e propósito ao traballo realizado.

CONCLUSIÓN FINAL

"XUNTOS NA BIBLIOTECA,
ABRIMOS PORTAS AO SABER E FACEMOS DO COÑECEMENTO
UNHA AVENTURA
QUE NOS LEVA A TRANSFORMAR O MUNDO."

GRAZAS



EN SANTIAGO, A 15 DE NOVEMBRO DO 2025

Blogue: bibliolibeteca.blogspot.com

Canle de instagram: @bibliolibeteca

Enderezo electrónico: bibliolibeteca@gmail.com